

UNIFICANDO LOITAS 27 DE MAIO ... A RÚA

MARCHAS DA DIGNIDADE



Volvemos ás rúas o 27 de Maio. Unificando Loitas

Pan, Traballo, Teito e Igualdade

A CGT, o Bloque Combativo de Clase, as Marchas da Dignidade, volvemos ás rúas de Madrid o 27 de Maio para seguir reivindicando a xa clásica consigna que identifica este movemento "Pan, Traballo, Teito e Igualdade".

Ao capitalismo estórbánlle as liberdades e os dereitos da maioría social. É un sistema que busca exclusivamente o beneficio privado dunhas poucas persoas e que nos leva inexorablemente a unha catástrofe social e ambiental de alcance incalculable. E cando se protesta sempre obtemos a mesma resposta: a represión e criminalización do verdadeiro sindicalismo de clase e dos movementos sociais. É un sistema que necesita da represión, que xera leis como a "Lei Mordaza" para manterse e que debe ser superado coa loita na rúa. Agora, a aprobación de leis que deixan as mans libres ao esquirolaxe e limitan o dereito de folga, que aceleran o desaloxo de vivendas ocupadas, ou o novo Pacto Social que se está "cociñando" coa complicidade dos sindicatos do réxime, son novas voltas de porca que nos atenzan e ás que hai que enfrontarse con loita obreira e popular.

O sistema está corroído pola corrupción e non ten ningunha lexitimidade. Aos capitalistas herdeiros do franquismo, sumáronselles os novos ricos que amasaron as súas fortunas coas privatizacións e a escandalosa corrupción. Esta corrupción xeneralizada actúa con total impunidade pola supervivencia de todas as estruturas de poder herdeiras da Ditadura. É este Réxime podrecido o que pretende asentarse sobre a miseria da inmensa maioría da clase obreira, a precariedade laboral e social e a represión da loita social.

- **En defensa de Pensións Públicas dignas. Non ao Pacto de Toledo.**
- **Polo Emprego estable, Salarios dignos e a Renda Básica: Derrogación das Reformas Laborais.**
- **Pola liberdade das persoas presas e procesadas por loitar. Amnistía Social.**
- **Polo Non pago da Débeda. UE e FMI fose xa de aquí.**
- **Pola defensa dos Servizos Públicos como Dereitos Esenciais das persoas.**
- **Contra o Feminicidio: Querémonos Vivas, nin unha menos.**

Desde a CGT facemos un chamamento para unificar as loitas, para agruparnos como clase coas persoas pensionistas, desempregadas, mulleres en loita pola igualdade e contra as violencias machistas, traballadoras e traballadores en conflito, as persoas que están a loitar pola defensa dos Servizos Públicos como Dereitos esenciais das persoas para ter un proxecto de vida digno (sanidade, educación, coidados e dependencia, acceso á auga, o gas, a electricidade, os transportes, as comunicacións, a universidade, a limpeza das cidades, o mantemento dos parques e xardíns...), as persoas emigrantes, ás que loitan polos dereitos das persoas refuxiadas, aos colectivos que loitan contra a represión das persoas por loitar, aos que loitan contra os desafiuzamentos, aos que están contra o pago da Débeda ilexítima e contra esta UE, aos que loitan contra a ratificación e entrada en vigor do CETA... Chamamos a sumarse en fin, a todas aquelas persoas que cren que outro mundo, máis xusto e solidario, ademais de posible, é necesario.

Nese camiño de construción paciente e firme da forza necesaria para cambiar de verdade as cousas, chamamos a encher de dignidade e rebeldía Madrid o 27 de maio de 2017. Ese día chegaremos columnas de todo o Estado a Madrid e tamén desde a emigración. Á vez que convocamos á clase obreira e a todo os pobo a mobilizarse, facemos un chamamento especial ao pobo galego, anticapitalista e solidario, a incorporarse a esta gran mobilización.



**TODOS E TODAS A MADRID O 27 DE MAIO
A LOITA É O ÚNICO CAMIÑO!**

